



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ROIS

Aprobación inicial da desafectación de dous treitos de dous camiños en Albagueira, Ermedelo

ANUNCIO DE EXPOSICIÓN PÚBLICA DO EXPEDIENTE DE DESAFECTACIÓN DE CAMIÑO EN ALBAGUEIRA

O Pleno da Corporación Municipal, en sesión extraordinaria que tivo lugar o día 20 de xuño de 2025, adoptou o acordo de aprobación inicial do expediente de desafectación de dous treitos de camiños públicos situados no lugar de Albagueira que transcorren en sentido Sur-Norte, o primeiro que aparece na cartografía co nome de “Camiño de Buxan” e un segundo que aparece na cartografía como “Camiño de Albagueira a Penavide”, coa forma límites e extensión que derivan da súa descrición no informe técnico.

Sométese o expediente a información pública durante o prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da publicación do presente anuncia no Boletín Oficial da Provincia.

Tamén se publicará na web municipal na sede electrónica do Concello e no taboleiro de anuncios.

Durante o prazo de información pública os interesados e interesadas poderán examinar o expediente nas dependencias de Secretaria, situadas no Concello, e presentar, en igual período as alegacións e reclamacións que estimen oportunas.

Rois, 23 de xuño de 2025

O alcalde

Ramón Tojo Lens

2025/4141